

Boletín de Información Cultural de Lugo

MIHL - MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO

CATAS LITERARIAS

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

As **Catas Literarias** consisten nunha merenda de tapas e viño dunha DO galega, cunha actuación musical, como preludivio á conversa cun autor ou autora que falará especialmente do seu último libro. Celébranse todos os segundos xoves de mes. Tamén hai **Bocatas Literarios**, para público infantil.

Máis información: <http://mihlcatasliterarias.com>

RECOMEZARÁN DESPOIS DO SAN FROILÁN

AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA RESONANCIAS EN MOVEMENTO, do alumnado de fotografía da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón (profesor, Xan Seoane). Dentro das actividades do III Ciclo de Música contemporánea de Lugo "MIHLSons-XXI". Está instalada no hall do Auditorio, onde ata setembro a poderán ver as persoas que asistan ós espectáculos.

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

CASA DA XUVENTUDE

EXPOSICIÓN PIONEIRAS: JIMENA E ELISA FERNÁNDEZ DE LA VEGA E LOMBÁN

Horario: de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 21:30

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

MUSEO PROVINCIAL. REFECTORIO

EXPOSICIÓN: FOTOGRAFÍA A CEGAS II + AUDIOVISUAL A CEGAS I

Ata o 31 de xullo. Horario: de luns a venres 9:00-21:00; sábados 10:30-14:00 e 16:30-20:00; domingos e festivos 11:00 a 14:00

Organiza: Área de Cultura e Turismo e Rede Museística da Deputación Provincial

SALA DA EXPOSICIÓN DO PAZO DE SAN MARCOS

EXPOSICIÓN: ESCRITOS NA FLORESTA, ÁRBORES SENLLEIRAS NA CULTURA CHAIREGA, por Ricardo Polín

Ata o 26 de xullo. Luns a venres: 10:30 a 14:00 e de 16:30 a 20:30. Sábados: 10:30 a 14:00 e de 16:30 a 20:00. Domingos e festivos: 11:00 a 14:00.

Organiza: Instituto de Estudos Chairegos

LIBRARÍA GATO NEGRO

EXPOSICIÓN DE CÓMICS de Miguel Fernández (*O fillo da furia e Os días do cometa*)

Ata o 31 de xullo, no horario da librería

FEIRA DO LIBRO ANTIGO E DE OCASIÓN EN LUGO

Datas: Do 4 ó 19 de xullo

Lugar: Fondo da Praza Maior

15º CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE "CIDADE DE LUGO"

Terá lugar o 12 de xullo. Con inscrición previa. Entre os días 13 e 17 de xullo as obras participantes expoñeranse no corredor da Casa do Concello (Praza Maior), no horario de apertura (de 8 da mañá a 8 da tarde)

Máis información: @LugoTurismo; facebook.com/LugoTurismo; www.lugo.ga

Organiza: Concello de Lugo - Cultura

PRESENTACIÓN DUN LIBRO SOBRE MORCEGOS NA "CASA DAS INSUAS" DE RÁBADE

Data: Venres 10 de xullo

Presentación: *El dilema de Spallanzani y otras curiosas historias de murciélagos*, por Roberto Hermida, presidente da AGCT (www.eldilemadespallanzani.com)

Lugar: Casa das Insuas (Rábade, ó carón da ponte medieval)

Hora: 20:30

Organiza: Librería Trama

CULTURA ABERTA 2015 / VENRES DE TEATRO

Data: Venres 10 de xullo

Hora: 21:00

Lugar: Xardíns da Deputación

Obra: *Psicópata*, con Antón Coucheiro

Entrada: Libre ata completar a capacidade

Organiza: Deputación Provincial de Lugo

EXCURSIÓN POLAS TERRAS DE AUGA E CULTURA / ARQUITECTURA: IDENTIDADE TERRITORIAL

Data: Domingo 12 de xullo

Actividade: Ruta Arquitectura da auga / O Piago-Santa Isabel / Visita á Fundación Manuel María / 8 km

Lugar de saída: Ronda da Muralla, xunta a porta do Bispo Aguirre (zona peonil)

Hora de saída: 10:30 / Hai que levar comida e bebida para o xantar.

Inscrición: Oficina Municipal de Turismo, Praza do Campo, 11, tf 982 251 658, ata as 14:00 do día anterior á excursión (Máximo, 35 persoas)

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

15º CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE “CIDADE DE LUGO”

Data: Domingo 12 de xullo

A decisión do xurado coñecerase ás 18:00; entre esa hora e as 20:00 as obras estarán expostas ó aire libre, e as non premiadas poderán ser postas á venda polos seus autores e autoras

Entre os días 13 e 17 de xullo as obras participantes expoñeranse no corredor da Casa do Concello (Praza Maior), no horario de apertura (das 8 da mañá ás 8 da tarde)

Organiza: Concello de Lugo – Cultura

CULTURA ABERTA 2015 / MARTES DE CINE SOCIAL

Data: Martes 14 de xullo

Hora: 20:00

Lugar: Salón de actos da Deputación

Película: *Maquiladoras*, de Germán Reyes. 45 m

Entrada: Libre ata completar a capacidade

Organiza: Deputación Provincial de Lugo

CULTURAS EN DIÁLOGO PRESENTA: PRIMEIRO FESTIVAL INTERNACIONAL MURAL FOLK 2015

Data: Martes 14 de xullo

Participantes: Cantigas e Frores (Galicia) / T-TA Paramadina (Indonesia) / Sentido Sur (Uruguai) / Mariana Carrizo e Juan Carlos Cambas (Arxentina)

Lugar: Auditorio Municipal Gustavo Freire

Hora: 21:00

Entrada: 5 euros (menores gratis). Na billeteira do Auditorio a partir das 20:30

CULTURA ABERTA 2015 / MÉRCORES MIÚDOS

Data: Mércores de xullo

Hora: 18:30

Lugar: Xardíns da Deputación

Espectáculo: *Os Bolechas*

Entrada: Libre ata completar a capacidade

Organiza: Deputación Provincial de Lugo

CULTURA NO CAMIÑO / CONCERTO DE DAVID REGUEIRO

Data: Xoves 16 de xullo

Hora: 21:00

Lugar: Praza de Augas Férreas (Lugo)

Espectáculo: David Regueiro Swingtet en concerto

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo - AGADIC

CULTURA ABERTA 2015 / XOVES DE CULTURA ABERTA

Data: Xoves 16 de xullo

Hora: 21:00

Lugar: Xardíns da Deputación

Concerto: Milesios + SonDeSeu

Entrada: Libre ata completar a capacidade

Organiza: Deputación Provincial de Lugo

Ademais: Obradoiro de zanfona con Anxo Pintos de 11:30 a 14:00 nos Xardíns da Deputación / Seminario sobre arpa con Rodrigo Romaní de 12:00 a 13:00 na Sala de Exposicións da Deputación / Os dous tamén con entrada libre

CULTURA ABERTA 2015 / VENRES DE TEATRO

Data: Venres 17 de xullo

Hora: 21:00

Lugar: Xardíns da Deputación

Obra: *C'est la vie*, con Matrioshka Teatro

Entrada: Libre ata completar a capacidade

Organiza: Deputación Provincial de Lugo

CULTURA ABERTA 2015 / SÁBADO MOZO

Data: Sábado 18 de xullo

Hora: 21:00

Lugar: Xardíns da Deputación

Festa con: Xenderal / Arrhythmia / Superoito / Familia Caamagno

Entrada: Libre

Organiza: Deputación Provincial de Lugo

EXCURSIÓN POLAS TERRAS DE AUGA E CULTURA / XEOLOXÍA

Data: Domingo 19 de xullo

Actividade: Ruta dos ríos de Lugo / 16 km. Daráselle a volta á insua de Seivane e farase tamén o circuíto completo do Mera

Lugar de saída: Ronda da Muralla, xunta a porta do Bispo Aguirre (zona peonil)

Hora de saída: 10:30 / Hai que levar comida e bebida para o xantar.

Inscripción: Oficina Municipal de Turismo, Praza do Campo, 11, tf 982 251 658, ata as 14:00 do día anterior á excursión (Máximo, 35 persoas)

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo
